

CIRCULAR INFORMATIVA

22 AO 30 DE XUÑO



A primeira quenda do campamento levaranos a vivir unha emocionante aventura no mundo dos dinosauros coa temática **“Aventura no Xurásico”**.

Durante estes días, os nenos e nenas converteranse en auténticos/as exploradores/as que deberán **buscar ovos perdidos, superar retos, participar en gymkanas e resolver misións** para axudar a recuperar o control dun parque xurásico cheo de sorpresas.

Xoves 25: Xincana de Auga

Se as condicións meteorolóxicas o permiten, celebraremos unha xincana con estacións refrescantes, xogos por equipos e moita diversión.

Para estas actividades, pedímoslles que os/as nenos/as veñan con **bañador, toalla, chanclas e roupa de reposto**, todos os elementos identificados co seu nome e apelidos.

Venres 26: Saída ao Monte de San Pedro (A Coruña)

Realizaremos unha excursión ao Monte de San Pedro, onde gozaremos dunha xornada ao aire libre coñecendo este espazo emblemático da cidade da Coruña. Ao longo da visita desenvolveranse xogos de exploración, dinámicas de grupo, actividades de observación da contorna e propostas lúdicas relacionadas coa natureza, o patrimonio e a convivencia. A actividade adaptarase ás características de cada grupo de idade.

Ademais, o **martes 30 de xuño** celebraremos a gran **Festa do Xurásico**, na que haverá pintacaras, xogos especiais e a entrega dos diplomas de **“Gardiáns/as da Illa Perdida”**.

Estamos convencidos/as de que esta primeira aventura será unha experiencia chea de diversión, aprendizaxe, creatividade e traballo en equipo, onde os dinosaurios serán os grandes protagonistas.

**Preparádevos para viaxar millóns de anos atrás
no tempo e descubrir todos os segredos do mundo xurásico!**

⇒ QUE COMECE A AVENTURA! ⇐